



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 323/1102

DECRETO

Por Resolución desta Alcaldía de data 19 de xuño do 2015 levouse a cabo a estruturación das áreas executivas e/ou materiais dirixidas polos señores e señoras concelleiros e concelleiras do Goberno municipal, e a conseguinte atribución xenérica de competencias. En virtude da dita resolución creouse, entre outras, a Área de Deportes e atribuíuse ao seu titular a dirección/xestión, organización/planificación e coordinación da actuación na área coa finalidade de acadar os obxectivos previstos.

Existindo unha serie de proxectos que, pola súa natureza e o seu carácter transversal, requiren dunha delegación especial e, considerando por tanto que, en canto á competencia, correspóndelle ao concelleiro de Seguridade a autorización de calquera ocupación temporal por terceiros do sistema viario municipal en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local do 19/06/2015, e informar a celebración de eventos deportivos, obxecto de regulación no Anexo II do Regulamento Xeral de Circulación (Resolución Alcaldía do 19/06/2015), de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e, no exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal ostenta esta Alcaldía ex artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Modificar a Resolución desta Alcaldía de data 12/01/18, pola que se delegaron no concelleiro de Deportes determinadas atribucións que se deixan sen efectos e, considerando os antecedentes expostos, delegar no concelleiro de Deportes **a coordinación da actividade deportiva municipal cos clubs e entidades deportivas existentes no municipio**.

Segundo.- Esta delegación de atribucións, de conformidade co sinalado no artigo 44 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, terá efectos dende o día seguinte ao da data desta Resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín oficial da Provincia, rexéndose pola normativa de aplicación.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice para o seu coñecemento.

Cuarto.- Ordenar a súa publicación na rede Intranet ao obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas; na sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo (art. 6 LTBG).

CCA/rs.

Data e sinatura dixital.

ALCALDE-PRESIDENTE, Abel Caballero Álvarez.

Dou fe, SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL, M^a Concepción Campos Acuña.

